

RUNNING

Esther F. Carrodeguas

Si. A miña irmá, Natalia, está no cárcere. Trapicheos. Por iso teño que coidar do meu sobriño, ao que en realidade non fago moito caso. Supoño que por isto anda tamén trapicheando. Xustamente esa tarde, a tarde na que me chamou Román, a miña irmá acababa de ter outro intento de suicidio. O quinto dende que está na Lama. Fomos todos ata alí: a miña nai, o seu noivo Manolo e Marcos, o fillo de Natalia: o meu sobriño. Por suposto non nos deixaron vela, era inútil ir, pero que iamos facer? **Pausa**. De volta, pasamos pola Residencia para visitar ao meu avó. O avó Eufrasio. **Sorrí**. Parecía Nadal: facía tanto tempo que non estabamos así xuntos, a Familia. Faltaba Natalia, claro, pero a súa presenza podía mastigarse no silencio. **Pausa**. A miña nai vai cada semana, á Residencia, a velo. Eu lévoa, pero quedo fóra, no coche. Dóeme demasiado, entrar. Eu pago o que custa agochalo naquel hotel de merda: é a mellor maneira que atopei para acalar a miña conciencia: “o avó está ben: no mellor sitio posible”. **Pausa**. Estivemos con el media hora ou así; os catro, alí, en silencio. Ninguén tiña moito que dicir. El miraba para o infinito, arrodeado dunha Familia que é mellor non recordar. **Sorrí**. Despois Mamá cantoulle a mesma canción de sempre. Unha que el segue coa man. **Cantaruxa, e golpea coa man na propia perna**. Aguantei as bágoas.